

SEMINARIO

José Ruibal no seu Centenario: Teatro, Poesía e Memoria

Martes 11 e xoves 13 de novembro de 2025. Edificio Castelao, Museo de Pontevedra

Martes 11 de novembro, de 18:00 a 20:45 h

18:00 h Presentación

Ángeles Tilve Jar, directora do Museo de Pontevedra

Xosé Enrique Acuña, comisario da exposición 'José Ruibal. Un escritor de centenario'

18:10 h. Conferencia de Anne-Laure Feuillastre: "José Ruibal, un autor marxinado: o prezo da oposición teatral durante o franquismo"

Resumo: Tratarase de identificar e explicar as dificultades que afrontou José Ruibal para levar a cabo a representación do seu teatro crítico durante o réxime ditatorial de Franco. A exclusión da súa produción teatral atribúese a múltiples factores: a censura governamental, as turbulencias políticas, a restrición económica, a hostilidade da crítica e do público maioritarios. O teatro de Ruibal, caracterizado polo seu enfoque experimental e vangardista, así como polo seu contido antifranquista, non recibiu o recoñecemento merecido na súa época. A disparidade entre a recepción das súas obras en Estados Unidos e o silencio imposto en España durante as décadas dos sesenta e setenta non é máis que un indicio da marxinación experimentada no contexto sociocultural e político español da época.

Biografía: Profesora titular na Universidade da Sorbona (París, Francia), é membro do laboratorio CRIMIC. Desde o seu doutoramento en Filoloxía hispánica pola Universidade Paris Nanterre (2017), as súas investigacións céntranse no Nuevo Teatro Español, movemento censurado e marxinado durante a última década da ditadura franquista e os primeiros anos da Transición. Interésase polo aspecto innovador desta corrente dramática, os seus restrinxidos círculos de difusión e as súas características estéticas. Publicou as seguintes obras: *El teatro de protesta. Estrategias y estéticas contestatarias en España (1960-1980)* (París: L'Harmattan, 2019, con Marina Ruiz Cano); *Le Nouveau Théâtre Espagnol (1967-1978). Histoire d'une résistance politique, culturelle et esthétique sous le franquisme tardif* (Nanterre: Presses Universitaires de Paris Nanterre, 2021); e *Nuevo teatro censurado: Antología*, Madrid, Fundamentos, 2022, que inclúe varias obras inéditas da corrente, entre elas *Su Majestad la Sota* de José Ruibal.

18:45 h. Conferencia de Marithelma Costa Colón: "José Ruibal, anos 70: Nova York, Roma e Madrid"

Resumo: Desde o achegamento que José Ruibal e Marithelma Costa Colón mantiveron durante anos nos Estados Unidos, ofrécese un percorrido por aspectos académicos e persoais do autor no seu paso polas distintas institucións universitarias que o acolleron nun

país no que se sente recoñecido e respectado. A súa vida do día a día, o círculo de amizades e mais tamén os problemas que se derivaban dos seus intentos de retornar a España durante os últimos anos do franquismo. Un espazo para narrar igualmente as xornadas que pasaron xuntos en Roma e nun Madrid onde Ruibal se reinstala para, xa en democracia, tentar que o seu teatro sexa á fin estreado de xeito profesional.

Biografía: Marithelma Costa Colon nace en San Juan de Puerto Rico en 1955 e, tras estudar na Universidade Autónoma de Madrid, radícase en Nova York para preparar o seu máster na Universidade de Columbia e máis tarde o seu doutoramento, e exercer a docencia. É autora dos poemarios *Diario oiraiD* (1997), *De tierra y de agua* (1988), *De Al'viñón* (1987), e da novela *Era el fin del mundo* (1999). Ademais publicou *Enrique Laguerre. Una conversación* (2000) e, entre 1990 e o 2013, media ducia de libros sobre literatura medieval española e contemporánea portorriqueña. Así mesmo é coautora de *Kaligrafiando. Conversación* (1990) e *Las dos caras de la escritura. Conversaciones con M. Benedetti, M. Corti, U. Eco, et al.* (1988). Participou en múltiples encontros literarios en Latinoamérica e os Estados Unidos, e publicou poemas, crónicas e relatos en revistas e sitios web. O seu libro máis recente, que comezou como un conto, é a novela *La bendición de Rosalía* (2024).

*Lectura por parte de Jesús Manuel Sendón Rebollido. Natural de Santiago de Compostela emigra coa súa familia a Newark (EEUU) aos once anos, en 1987. No ano 2000 licénciase en Filoloxía hispánica na Universidade Rutgers e e en 2006 completa o máster en Filoloxía Hispánica en Hunter College, da Universidade Municipal de Nova York como alumno de Marithelma Costa Colón.

19:25 h. Conferencia de Andrés Lima: “Os novos pasos do teatro. Un panorama post Ruibal”

Resumo: Un percorrido polo teatro independente e non independente que xorde desde os anos 80 ata o tempo que vivimos. Desde unha experiencia persoal que nace nas últimas décadas do século XX facendo teatro de rúa e desde unha clara admiración por grupos como Els Joglars, Tábano, Dagoll Dagom ou La Fura dels Baus. Herdeiros todos dos Ruibal, Nieves, Marsillachs e á vez contrarios a eles. Cun recoñecemento de que Ruibal, Sastre e algún outro diletante evolucionan pola súa conta e risco, e case sempre obrigados, polos bordos do sistema institucional do teatro. A pregunta é: que herdamos de todos eles? Trátase pois de descubri-lo.

Biografía: Director, autor e actor, leva 40 anos de carreira profesional dedicada á creación de espectáculos. O seu paso polo Royal Court Theater de Londres (cunha bolsa do British Council), e a súa propia curiosidade teatral e vital frugaron o seu interese por crear un obradoiro de investigación permanente. Nos últimos anos creou o Taller de Investigación Teatral, que tivo o seu froito nun espectáculo chamado *Capitalismo: hazles reír*; e o Teatro de la Ciudad, que deu lugar na tempada do 2015-16, nunha exploración sobre a traxedia, ao espectáculo *Medea*. O Teatro da Cidade, na tempada 2017/18 segue a súa exploración, agora na comedia, que dará lugar ao espectáculo *Sueño, comedia muy trágica*. En 2019 lanza unha nova montaxe chamada *Prostitución*, baseada nunha investigación sobre prostitución en Madrid e Barcelona; e leva de xira nacional e internacional *Shock, el cóndor y el puma*, espectáculo sobre a doutrina do shock neoliberal e os golpes de estado de Chile e Argentina. A segunda parte deste gran díptico é *Shock 2, la tormenta y la guerra*, sobre a revolución neoliberal, o 11 de setembro e a guerra de Iraq ata os nosos días. A súa investigación en España segue dando froitos nos espectáculos *Todas las canciones de amor*, de Santiago Loza, sobre a vellez e a morte; *Paraíso perdido*, baseada na obra de John Milton,

sobre a obediencia e a rebeldía; e *Adolescencia y asesinato*, de Alberto San Juan, sobre a violencia e a adolescencia, estreada en setembro do 2023. No 2024 monta en Montevideo para La Comedia Nacional *Edipo rey* de Sófocles, e unha versión libre de *La comedia de los errores* de William Shakespeare para o Festival de Mérida, actualmente en xira. Tamén xira con *1936*, unha obra sobre a guerra civil española, escrita por Mayorga, Cavestany, Boronat e Lima e dirixida por Andrés Lima. Estreouse no teatro Valle Inclán (CDN) o 26 de novembro de 2024 con enorme éxito de crítica e público. As súas colaboracións internacionais levárono a dirixir obras en La Comédie Française de París, o Stadsteater de Estocolmo e de Göteborg, e a realizar postas en escena en Ecuador, Arxentina ou Uruguai. Actualmente dirixe na Comedia Nacional de Uruguai *Las brujas de Salem*, de Arthur Miller. Andrés Lima recibiu numerosos premios pola súa carreira teatral en solitario ou coa súa compañía Animalario, entre outros o Premio Nacional de Teatro 2019, cinco premios Max e un premio Talía como director.

19:25 h. Conferencia de Xosé Enrique Acuña: “O outro José Ruibal?”

Resumo: Un achegamento á descoñecida actividade política antifranquista de José Ruibal. Desde o seu descontento en Galicia baixo a Ditadura, a unha implicación máis comprometida, tras un voluntario exilio, tanto no Uruguai como na Arxentina, países onde se resalta a súa presenza en medios xornalísticos da oposición exiliada. Retornado a Galicia en 1960, deste período incídese no seu activismo na reconstrución do PCE, nos seus días de cárcere e no seu posterior asentamento en Madrid, cidade onde se converterá en líder clandestino dos intelectuais comunistas.

Biografía: Xosé Enrique Acuña é comisario da mostra *José Ruibal. Un escritor de centenario*. Autor de numerosas publicacións sobre a Memoria histórica e audiovisual de Galicia. Foi director de Edicións A Nosa Terra e comisario da mostra *Memorial da Liberdade. Represión e resistencia en Galiza. 1936-1977*. Ten recuperado obras literarias de Carlos Velo, Manuel Portela Valladares e Eduardo Blanco Amor, e *Gora*, de José Ruibal. Así mesmo, é autor dunha biografía sobre a actriz galega Mercedes Mariño e mais da novela *O café do idioma*.

Xoves 11 de novembro, de 19:00 a 20:15 h

Espectáculo Ruibal

19:00 h. Recital

Poesía en galego e castelán de José Ruibal, con Graciela Baquero e Miguel Ángel Cuña

Lectura de *Escribir contra el público*, de José Ruibal, por Graciela Baquero

20:00 h. Representación teatral

O rabo de José Ruibal, a cargo de Avelaíña Teatro